



NOTA INFORMATIVA: Grupo B

En relación ás últimas novidades relacionadas coa clasificación profesional dos funcionarios públicos, que tamén afectan ó persoal acollido ó Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, confeccionamos esta nota informativa aportando a información ata o de agora dispoñible co ánimo de clarificar o debate que poidera suscitarse.

Dende que no ano 2007 se publicara o EBEP e se creara o Grupo B, para un novo encadramento dos Técnicos Superiores de FP, estivemos agardando que a transitoriedade da súa aplicación rematase. No ano 2015 actualizose o EBEB, pasando a denominarse TREBEB, pero tampouco nese momento se deron pasos para a súa aplicación efectiva.

Transcribimos o coñecido Art. 76 do TREBEB:

ARTÍCULO 76 Grupos de clasificación profesional del personal funcionario de carrera.

Los cuerpos y escalas se clasifican, de acuerdo con la titulación exigida para el acceso a los mismos, en los siguientes grupos:

Grupo A: Dividido en dos Subgrupos, A1 y A2.

Para el acceso a los cuerpos o escalas de este Grupo se exigirá estar en posesión del título universitario de Grado. En aquellos supuestos en los que la ley exija otro título universitario será éste el que se tenga en cuenta.

La clasificación de los cuerpos y escalas en cada Subgrupo estará en función del nivel de responsabilidad de las funciones a desempeñar y de las características de las pruebas de acceso.

Grupo B. Para el acceso a los cuerpos o escalas del Grupo B se exigirá estar en posesión del título de Técnico Superior.

Grupo C. Dividido en dos Subgrupos, C1 y C2, según la titulación exigida para el ingreso.

C1: Título de Bachiller o Técnico.

C2: Título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria.

A creación do Grupo B para os Técnicos Superiores de Formación Profesional viña a:

1. Armonizar a clasificación nacional dos funcionarios públicos coa Europea en 3 Grupos (A, B e C).
2. Recoñecer o carácter postsecundario da Formación Profesional de Grado Superior (FPGS), esto é, despois do Bachiller, pois forma parte do Espacio Europeo para a Educación Superior (EEES) e do Marco Español da Educación Superior (MECES 1).
3. Reclasificación profesional do C1 (aínda vixente) ó Grupo B, abríndose una expectativa de mellora retributiva.

Non obstante o proio EBEP, e tamén o TREBEP, engadía una disposición transitoria que transcribimos:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCERA

Entrada en vigor de la nueva clasificación profesional

1. *Hasta tanto no se generalice la implantación de los nuevos títulos universitarios a que se refiere el artículo 76, para el acceso a la función pública seguirán siendo válidos los títulos universitarios oficiales vigentes a la entrada en vigor de este Estatuto.*
2. *Transitoriamente, los Grupos de clasificación existentes a la entrada en vigor del presente Estatuto se integrarán en los Grupos de clasificación profesional de funcionarios previstos en el artículo 76, de acuerdo con las siguientes equivalencias:*
 - Grupo A: Subgrupo A1
 - Grupo B: Subgrupo A2
 - Grupo C: Subgrupo C1
 - Grupo D: Subgrupo C2
 - Grupo E: Agrupaciones Profesionales a que hace referencia la disposición adicional séptima.
3. *Los funcionarios del Subgrupo C1 que reúnan la titulación exigida podrán promocionar al Grupo A sin necesidad de pasar por el nuevo Grupo B, de acuerdo con lo establecido en el artículo 18 de este Estatuto.*

En resume, que o Grupo B “transitoriamente” non se aplica... No conxelador está. E xa pasaron 13 anos.

A SORPRESA: Recentemente, o 21 de outubro de 2020, o Tribunal Supremo dicta una sentenza de casación, sobre una cuestión colateral, na que aporta una serie de reflexións sobre esta disposición transitoria que consolida criterio a futuro para os órganos xudiciais. Extractamos algúns dos parágrafos máis significativos:

TRIBUNAL SUPREMO - Sala de lo Contencioso-Administrativo - Sección Cuarta - Sentencia núm. 1.365/2020

Fecha de sentencia: 21/10/2020 - Tipo de procedimiento: R. CASACION

Disposiciones transitorias.- El objetivo de estas disposiciones es facilitar el tránsito al régimen jurídico previsto por la nueva regulación.

Deberán utilizarse con carácter restrictivo y delimitar de forma precisa la aplicación temporal y material de la disposición transitoria correspondiente.

La regla es clara : "delimitar de forma precisa la aplicación temporal", sin embargo en el presente caso, nos encontramos con una fecha de finalización que es una incógnita, entendiéndose el recurrido, que el legislador debería haber establecido un plazo concreto para que el régimen transitorio concluyese y oportunidad, la tuvo con la publicación del nuevo [EBEP](#), pero no lo hizo, lo que lleva a una transitoriedad de más de doce años saltándose el objetivo y la razón de ser de las normas de derecho transitorio.

La pasividad e inactividad legal de la Administración, no puede redundar en beneficio de la misma.

El incumplimiento flagrante de tales directrices en la [disposición transitoria tercera](#) tanto por la redacción del [Estatuto Básico del Empleado Público](#) de 12 de abril de 2007 como por el Texto Refundido de 2015 no lleva aparejada sanción o consecuencia alguna dada su condición de mera referencia técnica.

Más resulta contrario a los principios a los que debe someterse la Administración, [art. 103 CE](#), incluyendo la relación con los funcionarios a su servicio, una norma de derecho transitorio infinita que permitiera a la administración mantener situaciones como la enjuiciada en instancia en perjuicio de los trabajadores a su servicio por lo que su inaplicación por la sentencia de instancia no resulta contraria a derecho.

Máxime si se tiene en cuenta que el grupo B del [art. 76](#) del Texto Refundido del [Estatuto Básico del Empleado Público](#) es notoriamente distinto del que existía hasta el Estatuto de 2007. Ahora exige como requisito de acceso la posesión de la titulación de "Técnico superior de formación profesional", conforme a su creación por el [art. 44](#) de la [LO 2/2006](#), de 3 de mayo.

O contido desta sentenza supón un xiro copernicano no criterio dos tribunais.

Más recentemente, o 7 deste mes de xaneiro de 2021, ben por este pronunciamento xudicial ou ben por “visión de oportunidade”, o certo é que o Goberno, en resposta a unha pregunta parlamentaria que formula o grupo parlamentario que sostén o Goberno, aportou, sorprendentemente, unha posición inédita sobre esta cuestión que tamén transcribimos:

Con fecha de registro de 7 de enero de 2021: RESPUESTA DEL GOBIERNO: (...)

“Por ello, en relación con la pregunta que se plantea, no sería necesario modificar el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público para permitir el desarrollo del grupo B en todos los ámbitos administrativos, dado que el TREBEP ha configurado un sistema que, respetando las competencias legislativas y la autonomía organizativa de las distintas Administraciones, permite a las Comunidades Autónomas o al Estado –esta vez como empleador y no como legislador básico– desplegar los efectos de ese nuevo grupo B, recogéndolo en sus respectivas leyes reguladoras de su función y, sobre todo, creando cuerpos o escalas en dicho grupo de clasificación para dotarle de un contenido pleno”.

Para hacer las dos cosas –a través de un único texto normativo o de dos– necesita una norma con rango de ley. No hay que olvidar, en este sentido, que los cuerpos y escalas de funcionarios se crean, modifican y suprimen por ley de las Cortes Generales o de las asambleas legislativas de las Comunidades Autónomas.

En este sentido, algunas Comunidades Autónomas –Castilla-La Mancha, Comunitat Valenciana, Extremadura y Galicia– han desarrollado el TREBEP dictando normas que recogen los nuevos grupos de clasificación, entre ellos el grupo B, aunque no todas tienen creados cuerpos o escalas en el nuevo grupo –los tienen creados Castilla-La Mancha, Galicia, C. Valenciana–.

Xa que logo, ábrese un novo tempo no que, cos instrumentos da negociación colectiva, vanse producir movementos de cara a facer efectiva a nova clasificación profesional.



O Goberno despexa un obstáculo que viña empregando como argumento troncal para frear a reclasificación profesional dos TSS ó Grupo B. As nosas previsións iniciáis non apuntan a que isto vaia producir efectos inmediatos, pois teñen que producirse varios cambios normativos, algún con rango de ley, que requirirán de longas tramitacións parlamentarias. Aínda así vai comezar un proceso, máis ou menos longo, que non ten freo.

Daquí adiante abundarán informacións, algunhas veraces, outras contraditorias e tamén outras interesadas co ánimo de rentabilizar estes cambios coma logros propios. Debemos acollelas con tranquilidade e cautela.

A Asociación ven de solicitar reunións á Consellería de Sanidade e máis a Dir. Xeral de Función Pública co ánimo de poder proporcionarvos una información que recolla, da maneira máis concreta posible, as previsións de trámites e prazos adaptados á nosa Comunidade Autónoma e ó persoal afectado polo Estatuto Marco do persoal sanitario.

É certo que a Comunidade Galega no ano 2015 aprobou a Lei de Función Pública de Galicia e xa tivo a previsión da creación do Grupo B e de determinados corpos e escalas no corpo de funcionarios da Administración Xeral.

Non obstante o persoal sanitario, aínda afectado por esa norma, tamén o está polo Estatuto Marco do Persoal Sanitario que ó día de hoxe non contempla explícitamente o Grupo B.

Por iso tamén planificamos contactos cos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados, cursamos preguntas ós Gobernos Autonómico e Nacional e mantemos estreitos contactos con outras organización de TSS. No momento que destes contactos se desprenda información máis miuda e veraz a trasladaremos.

Apuntado isto, compre ter en conta que unha cousa son os tempos das tramitacións e outra ben distinta a vontade política de liberación de fondos e, máis aínda, antes que o resto de Comunidades ou mesmo antes que a propia Administración do Estado para con o seu persoal. Neste sentido tamén estaremos moi atentos ós movementos e á capacidade de presión das centrais sindicais.

Por último, é moi importante ter en conta que, sendo a reclasificación profesional ó Grupo B unha cuestión crucial e de gran calado (maiormente pola expectativa de melloras retributivas), non satisface en nengún caso as reivindicacións históricas dos Técnicos Superiores Sanitarios. Xa que logo, seguimos a traballar para acadar:

- Un título académico unificado como nos países europeos cun nivel de cualificación EQF 6 (hoxe 5).
- Movilidade trasnacional europea plena, sen medidas complementarias.
- Centros formativos ligados os Hospitáis, con equipamento axeitado e profesorado do entorno da profesión, facultativos e TSS, e cunha oferta formativa ligada á verdadeira capacidade de absorción do mercado de traballo.
- Participación plena dos órganos de xestión no entorno laboral.
- Capacidade organizativa das profesións TSS nun Colexio Profesional.

Quedamos á vosa disposición a través dos mails da Asociación.

Nos próximos días, na nosa páxina Web, estarán disponibles na súa totalidade os documentos que nesta Nota Informativa aludimos para que os poidades ler na súa totalidade e fagades una lectura directa. Agardamos contar coas vosas apreciacións pois serán a maneira de enriquecer a da Asociación.

Recibide un Saúdo.

A XUNTA DIRECTIVA.